

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP FLAVIA

MATERIA: EDUCACIÓN MUSICAL

DATA: 8/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

3. 1º de primaria. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
4. 2º de primaria. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
5. 3º de primaria. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
6. 4º de primaria. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
8. 5º de primaria. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
9. 6º de primaria. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
11. . Avaliación e cualificación.
12. . Metodoloxía e actividades do 3º trimestre
(recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
13. Información e publicidade.

CURSO: 1º DE PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	CCBB
B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	-Interésase polas calidades sonoras do corpo, instrumentos, obxectos , animais e a voz. Realiza a manipulación e exploración dos mesmos de xeito autónomo.	CEC CAA
	-Realiza algúns dos xestos e das grafías propostos na clase en reacción a sons contrastantes en canto a estas calidades: forte/piano; curto/longo; agudo/grave; ascendente/descendente.	CCEC
	-Escoita as audicións de sons da súa contorna e identifica algúns dos seus rasgos distintivos	CCEC
	-É capaz de utilizar aplicacións e xogos informáticos para discriminar auditivamente as calidades do son.	CCEC CD
	Escoita as audicións de pezas vocais e diferencia as voces masculinas das femininas.	CCEC
B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.	-É quen de manterse en silencio o tempo necesario para a escoita e estudo dos sons e audicións	CSC CCEC
B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.	-Nomea e relaciona algúns compositores coas súas obras.	CCEC
	-Pode distinguir as figuras do director/ora de orquestra, instrumentista e público e asóciaos aos seus roles.	CCEC
B1.4. Comunicar utilizando un vocabulario adecuado ás sensacións e ás impresións sentidas na audición.	-É quen de representar mediante xestos, desprazamentos, coreografías ou representacións plásticas e gráficas os aspectos básicos dunha audición e a súa impresión emocional.	CCL CCEC
	-Aprende e utiliza vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.	CCL CCEC
B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter).	- Recoñece e representa algúns elementos básicos da linguaxe musical en situacións pertinentes.	CCEC CAA
	-É capaz de usar aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.	CD CCEC
B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son	-Escoita e reproduce esquemas rítmicos.	CCEC CMCCT CAA

	-É capaz de elaborar pequenos instrumentos con material de reciclaxe.	CSC CAA
B2.2. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.	-É capaz de interpretar individualmente ou en grupo algunhas cancións sinxelas.	CCEC CSC
B3.1. Realizar pequenas coreografías.	-É capaz de realizar pequenas coreografías en grupo, adecuando bastante o movemento corporal á música	CCEC CSC
B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.	-Desenvolve respostas corporais á estimulos sonoros	CCEC

CURSO: 2º DE PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	CCBB
B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	-Interésase polas calidades sonoras do corpo, instrumentos, obxectos , animais e a voz. Realiza a manipulación e exploración dos mesmos de xeito autónomo.	CCEC CAA
	-Realiza algúns dos xestos e das grafías propostos na clase en reacción a sons contrastantes en canto a estas calidades: forte/piano; curto/longo; agudo/grave; ascendente/descendente.	CCEC
	-Escoita as audicións de sons da súa contorna e identifica os seus rasgos distintivos	CCEC
	-É capaz de utilizar aplicacións e xogos informáticos para discriminar auditivamente as calidades do son.	CCEC CD
	-Escoita as audicións de pezas vocais e diferencia as voces masculinas das femininas.	CCEC
B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.	-É quen de manterse en silencio o tempo necesario para a escoita e estudo dos sons e audicións	CSC
B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.	-Nomea e relaciona algúns compositores coas súas obras.	CCEC CAA
	-Pode distinguir as figuras do compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público e asóciaos aos seus roles. Respecta e valora os seus respectivos traballos.	CCEC CSC CAA
B1.4. Comunicar utilizando un vocabulario adecuado ás sensacións e ás impresións sentidas na audición.	-É quen de representar mediante xestos, desprazamentos, coreografías ou representacións plásticas e gráficas os aspectos básicos dunha audición e a súa impresión emocional.	CCL CCEC

	-Aprende e utiliza vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.	CCL CCEC
B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter).	- Recoñece e representa os elementos básicos da linguaxe musical enumerados en situacións pertinentes.	CCEC CAA
	-É capaz de usar aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.	CD CCEC
B1.6. Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais.	-É quen de recoñecer e identificar os instrumentos característicos de cada familia xa presentados e clasifícaos como de vento, corda ou percusión.	CCEC
B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son	-Escoita e reproduce esquemas rítmicos.	CCEC CMCCT
	-É capaz de elaborar pequenos instrumentos con material de reciclaxe.	CSC CAA
B2.2. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.	-É capaz de interpretar individualmente ou en grupo algunhas cancións sinxelas.	CCEC CSC
B3.1. Realizar pequenas coreografías.	-É capaz de realizar pequenas coreografías en grupo, adecuando bastante o movemento corporal á música	CCEC CSC
B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.	-Desenvolve respostas corporais á estimulos sonoros	CCEC

CURSO: 3º DE PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	CCBB
B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.	-É quen de dar unha opinión persoal cun certo grao de capacidade crítica e independencia de criterio.	CCL CCEC
	-É quen de conectar a experiencia auditiva coas propias emocións e impresións persoais, expresándoas verbalmente.	CCL CCEC
	-Ten internalizadas as normas de comportamento en audicións e representacións musicais, non precisando case nunca que llas teñan que lembrar.	CSC
	-É capaz de identificar as manifestacións artísticas propias de Galicia.	CAA CCEC
B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.	-Pode identificar e describir elementos musicais presentes nas audicións tento musicais como de sons do contexto, relativos ao tempo e á intensidade	CCEC CMCCT
B1.3. Analizar a organización de obras	É quen de identificar voces agudas ou	CCEC

musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	graves, e o tipo de agrupación (vocal, instrumental, solista, coro, dúo, trío).	CAA
	Pode identificar e describir variacións e contrastes de velocidade e intensidade nas audicións musicais.	CCEC CAA
B1.4. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.	É quen de relacionar unha audición escoitada cun musicograma ou partitura sinxela e comeza a representalo usando estes medios.	CCEC CAA
B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.	É quen de utilizar a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.	CCEC CAA
	Amosa unha actitude de superación, entendendo o erro coma unha oportunidade de mellora.	CAA
B2.2. Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio individual ou grupal.	Fai as súas sinxelas creacións musicais seleccionando, combinando e organizando elementos dados, previamente coñecidos e/ou manexados.	CAA CCEC CSIEE
B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	É capaz de usar materiais e dispositivos electrónicos para crear pezas musicais sinxelas e sonorizar imaxes, teatro...	CAA CD CCEC
	Pode construír un instrumento orixinal ou similar a un existente.	CCEC CAA
B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.	É quen de usar o seu corpo como medio expresivo das emocións e para a interacción social.	CCEC CAA
B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.	Pode identificar, reproducir e gozar interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.	CCEC CSC

CURSO: 4º DE PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	CCBB
B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.	-É quen de dar unha opinión persoal cun certo grao de capacidade crítica e independencia de criterio.	CCL CCEC
	-É quen de conectar a experiencia auditiva coas propias emocións e impresións persoais, expresándoas verbalmente.	CCL CCEC
	-Ten internalizadas as normas de comportamento en audicións e representacións musicais, non precisando case nunca que llas teñan que lembrar.	CSC
	-É capaz de identificar e valorar as manifestacións artísticas propias de Galicia.	CAA CCEC
B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.	-Pode identificar e describir elementos musicais presentes nas audicións tanto musicais como de sons do contexto, relativos ao tempo e á intensidade	CCEC CMCCT

	Emprega o vocabulario axeitado que xa coñece (adagio, andante, allegro/ forte, mezzoforte, piano).	
B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	É quen de identificar voces agudas ou graves, e o tipo de agrupación (vocal, instrumental, solista, coro, dúo, trío).	CCEC CAA
	Pode identificar e describir variacións e contrastes de velocidade e intensidade nas audicións musicais.	CCEC CAA
B1.4. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, amosando interese por coñecer instrumentos doutras culturas.	É capaz de identificar visual e auditivamente os instrumentos traballados.	CAA CCEC
	Pode clasificar os instrumentos traballados por familias: vento, corda e percusión.	CAA CCEC
	É quen de procurar, organizar e presentar información sobre a música e os instrumentos doutras culturas.	CCEC CAA CSIEE CD
B1.5. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.	É quen de relacionar unha audición escoitada cun musicograma ou partitura sinxela e comeza a representalo usando estes medios.	CCEC CAA
	Pode identificar as partes dunha peza musical e presentar graficamente a súa estrutura.	CCEC CAA
B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.	É quen de utilizar a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.	CCEC CAA
	Pode interpretar pezas vocais e instrumentais sinxelas en diferentes agrupamentos con e sen acompañamento.	CCEC CAA CSC
B2.2. Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio individual ou grupal.	Fai as súas sinxelas creacións musicais seleccionando, combinando e organizando elementos dados, previamente coñecidos e/ou manexados.	CAA CCEC CSIEE
B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	É capaz de usar materiais e dispositivos electrónicos para crear pezas musicais sinxelas e sonorizar imaxes, teatro...	CD CAA CSIEE
	Pode construír un instrumento orixinal ou similar a un existente.	CD CAA CSIEE
B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.	É quen de usar o seu corpo como medio expresivo das emocións e para a interacción social.	CCEC CAA
B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.	Pode identificar, reproducir e gozar interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas, valorando a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.	CAA CCL CCEC

CURSO: 5º DE PRIMARIA

Critério de avaliación	Estándar de aprendizaxe	CCBB
B1.1. escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior.	É quen de dar unha opinión persoal cun certo grao de capacidade crítica e independencia de criterio.	CCL CCEC
	É quen de conectar a experiencia auditiva coas propias emocións e impresións persoais, expresándoas verbalmente.	CCL CCEC
	É capaz de escoitar as opinións dos compañeiros e compañeiras respectando e valorando a diversidade.	CSC
	Ten internalizadas as normas de comportamento en audicións e representacións musicais, non precisando case nunca que llas teñan que lembrar.	CSC
	É quen de dar unha opinión persoal cun certo grao de capacidade crítica e independencia de criterio.	CCL CCEC
B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.	Pode identificar e describir elementos musicais presentes nas audicións tanto musicais como de sons do contexto, relativos á intensidade, duración, altura e timbre; tamén percibe o pulso e o acento.	CCEC CCL
B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen.	É quen de identificar e clasificar voces agudas ou graves, e o tipo de agrupación (vocal, instrumental, solista, coro, dúo, trío).	CCEC CAA CCL
	Pode identificar e describir variacións e contrastes de velocidade e intensidade nas audicións musicais.	CCEC CAA CCL
	Pode identificar, clasificar e completar os compases traballados. (2/4, 3/4 e 4/4)	CCEC CMCCT
	É capaz de identificar e utilizar correctamente os elementos da linguaxe musical traballados: indicacións de tempo e matices (fortísimo, forte, piano e mezzoforte; dinámica e reguladores).	CCEC
B1.5. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas.	É capaz de identificar visual e auditivamente os instrumentos traballados.	CCEC CAA
	Pode clasificar os instrumentos traballados por familias en canto á produción do son.	CCEC CAA CCL
	É quen de procurar, organizar e presentar información sobre a música e os instrumentos doutras culturas.	CCEC CAA
B1.6. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.	É quen de relacionar unha audición escoitada cun musicograma ou partitura sinxela e represéntao usando estes	CCEC CAA

	medios.	
	Pode identificar as partes dunha peza musical e representar gráficamente a súa estrutura.	CCEC CMCCT CAA
B1.7. Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música.	É capaz de identificar as manifestacións artísticas propias de Galicia.	CCEC
	Pode expoñer a información recollida de xeito ordeado e achega evidencias do traballo realizado.	CCL CD
B2.1 Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.	É quen de utilizar a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.	CCEC CAA
	Realiza ditados melódicos e rítmicos.	CCEC CAA
	Pode interpretar pezas vocais e instrumentais sinxelas en diferentes agrupamentos con e sen acompañamento.	CCEC CAA
B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos	É capaz de usar materiais e dispositivos electrónicos para crear acompañamentos sonorizando textos, imaxes, etc...	CCEC CD CAA
	Pode construír un instrumento orixinal ou similar a un existente.	CCEC CAA
B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.	Pode recoñecer e identificar danzas de diferentes lugares e culturas, valorando a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.	CCEC CSC
	Pode identificar, reproducir e gozar interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.	CCEC CSC

CURSO: 6º DE PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	CCBB
B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.	Pode identificar e describir elementos musicais presentes nas audicións tanto musicais como de sons do contexto, relativos á intensidade, duración, altura e timbre; tamén percibe o pulso e o acento.	CCEC CCL CAA
B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	É quen de identificar e clasificar voces agudas ou graves, e o tipo de agrupación (vocal, instrumental, solista, coro, dúo, trío). Pode identificar e describir variacións e contrastes de velocidade e intensidade nas audicións musicais.	CCEC CAA CCL
	Descobre con interese obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.	CSIEE CAA CCEC
B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas, para valorar o patrimonio musical, valorando a importancia do seu mantemento e da súa difusión, e do respecto co que deben afrontar as audicións e	Ten internalizadas as normas de comportamento en audicións e representacións musicais, non precisando case nunca que lles teñan que lembrar.	CSC CCEC

as representacións.		
B2.1. Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar.	É quen de recoñecer e describir as calidades da voz a través de audicións diversas, recreándoas.	CCEC CAA CCL
B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección.	É quen de identificar e clasificar voces agudas ou graves, e o tipo de agrupación (vocal, instrumental, solista, coro, dúo, trío), así como instrumentos acústicos e electrónicos.	CCEC CAA
	É capaz de utilizar a linguaxe musical para a interpretación de obras.	CCEC
	Realiza ditados melódicos e rítmicos sinxelos.	CCEC
	Pode interpretar pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas en diferentes agrupamentos con e sen acompañamento.	CAA CCEC
B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	É capaz de interpretar cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural.	CAA CCEC
	É quen de procurar información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.	CCEC CAA CD
	Pode presentar e expor a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes.	CAA CD CCL
B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social.	É capaz de utilizar os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.	CD CCEC
	É quen de usar o seu corpo como medio expresivo dos sentimentos, emocións e para a interacción social.	CAA CCEC
	Pode recoñecer e identificar danzas de diferentes lugares e culturas, valorando a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.	CCEC
	É capaz de reproducir e gozar interpretando danzas tradicionais españolas, entendendo a importancia da súa continuidade e o traslado ás xeracións futuras.	CSC CCEC
Ten respecto polas demais persoas e colabora con elas.	CSC	

2.Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>A avaliación será continua e global, diagnóstica e formativa, a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este período.</p> <p>As actividades propostas que precisan de ser entregadas serán o mecanismo de avaliación.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>A realización e entrega das tarefas solicitadas, de reforzo e recuperación, realizadas durante este período.</p>
Cualificación final:	<p>Procedemento:</p> <p>A cualificación final será:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A media aritmética das dúas primeiras avaliacións que valerán un 70%. • E a entrega das tarefas solicitadas ao alumno ou alumna de reforzo e recuperación de acordo a como se lle piden, coidando sempre a presentación, ortografía e claridade, que valerán un 30%. <p>Unha avaliación positiva do terceiro trimestre suporá a recuperación das materias pendentes das avaliacións anteriores.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades son basicamente de reforzo e ampliación das competencias básicas, atendendo a ser o máis globalizadas posible. Trátase de dar continuidade ás actividades traballadas nas 1ª e 2ª avaliación. Son creadas pola profesora e inclúen enlaces a diferentes vídeos e recursos interactivos para traballar audicións, bailes, percusión corporal, xogos educativos, traballos de investigación, test ou fichas sobre os diferentes contidos estudados.</p> <p>Intentando traballar tanto as novas tecnoloxías, como a educación en valores ou a educación emocional que tanto precisamos para superar as dificultades xurdidas durante esta etapa das nosas vidas...</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Segundo consta na niña programación para favorecer a aprendizaxe por competencias, a metodoloxía será eminentemente global e activa, a través de estratexias interactivas, o descubrimento guiado, a resolución de problemas, a realización de proxectos colaborativos e o emprego das novas tecnoloxías, centrando a atención na creación.</p> <p>No caso do alumnado sen conectividade estase buscando a colaboración cos titores e o equipo de orientación en coordinación cos servizos sociais do Concello para procurar que ninguén quede sen a posibilidade de</p>

	seguir a aprender e traballar
Materiais e recursos	Os materiais empregados polo docente debido ás circunstancias son o seu equipo informático e a conexión a Internet privada da sus casa. Algúns dos recursos creados para dar resposta á necesaria difusión dos contidos e actividades son: -O blogue de Educación Artística (musasnarede.blogspot.com) -A canle de Youtube (Musicartes) -Unha conta de correo electrónico exclusiva para o contacto coas familias e a recepción dos traballos, comentarios, audios, vídeos etc... do alumnado -A aplicación para videochamada Cisco Webex, proporcionada pola Xunta de Galicia.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Informase ás familias a través do blogue así como aos titores e por medio do correo electrónico habilitado a tal efecto
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.